

Recomendación dirixida ao conselleiro de Política Social debido ao retraso na valoración da discapacidade dunha persoa gravemente enferma

Expediente: G.6.Q/4154/18

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2018

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse actuación de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia da noticia aparecida no diario *La Voz de Galicia* o 24 de maio en relación co retraso na valoración da discapacidade dunha persoa gravemente enferma.

ANTECEDENTES

1. Na noticia sinálase: “██████████ considérase unha «afortunada». ██████ ten 49 anos, é nai de dous xemelgos aos que adora e, por mala sorte no azar estatístico, desde hai dous anos e medio ten cancro. Un cancro que lle diagnosticaron como crónico, é a terceira vez que vai a quimioterapia tras afectarlle a varios órganos. Cunha incapacidade laboral absoluta recoñecida polo Instituto Nacional da Seguridade Social, leva un ano esperando a que a Consellería de Política Social se pronuncie. O organismo autonómico é o que decide o grao de discapacidade co que podería optar a beneficios sociais. «Presentei a solicitude hai un ano. Como pasaban os meses, chamei. Nin me preguntaron o meu nome nin o meu número de expediente. Dixéronme que os meus papeis estarían na chea e que agora aínda estaban a ver os do 2016. Teño cancro en estadio IV, o máis grave, e o funcionario dime que hai que aguantarse e esperar a que chegue a miña quenda. Eu penso: Cando será a miña quenda? Cando morra?». Aínda que relata o episodio indignada, non se vén abaixo. «Non estou preocupada por min. Son afortunada. Teño unha pensión polo meu traballo e estou moi arroupada polo meu marido e a miña familia. Pero tamén teño dous fillos de 13 anos que quero que estuden, unha hipoteca e a enfermidade, que segue aí», expón. «Respóndenme que chamadas como a miña reciben 20 ao día, que vaia á Xustiza se quero» Incapacidade e discapacidade, aínda que próximos, son termos diferentes e tramítanos administracións distintas. «Cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % -continúa ..., seríamos recoñecidos como familia numerosa e teríamos bonificacións na luz ou no colexio. Non me vai a vida nisto, arranxámonos, pero eu non elixín ter esta enfermidade». ... busca a orde publicada no DOG no 2015. Tena a man. Di: «O recoñecemento do grao de discapacidade resolverase no prazo máximo de tres meses». Ela é unha das 17.000 persoas que, admite a Xunta, están pendentes de que se tramite a súa minusvalía. «Falan de 200

días como moito de espera. Van 365 e hai xente que leva máis de dous anos», critica. «Hai enfermidades que son obvias, pero hai outras que non ven. Ves o meu rostro e non se nota. Pero...». ... levanta a camiseta para mostrar o seu ventre. Pasou por catro operacións, «tres enormes, nun ano. O meu único tratamento agora é a quimio». Volveu chamar. «Respóndenme que podo ir á Xustiza ou manifestarme. Que chamadas como a miña hai 20 ao día. Non estou para iso. Pero o que máis me indigna, e por iso saco forzas para falar, é pola xente que está nunha situación peor, moito peor, para a que si é imprescindible este trámite. Como pode tardar en resolverse máis de dous anos?». Ela non se rende porque: «Aínda non estou desafiuzada!», chanea mentres se sinala”.

2. Polo exposto iniciamos a correspondente investigación. Requirimos da Consellería de Política Social que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, facilitara información sobre os feitos sinalados; sobre as causas do retraso da valoración; sobre cando se prevé que se fará; sobre a tramitación da tarxeta provisional prevista legalmente; sobre as medidas que se adoptaron ou se adoptarán; e sobre as demais circunstancias relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

3. A consellería xa nola remitiu e sinala o seguinte:

“- O 20/06/2017 [REDACTED], con DNI [REDACTED], presentou unha solicitude de valoración do seu grao de discapacidade. -Será preciso que a persoa interesada sexa entrevistada polas persoas profesionais que forman o equipo de valoración cunha duración mínima de 30 minutos por profesional.

CONCLUSIÓN: Existe un elevado número de solicitudes tanto de valoración inicial como de revisión cuxa iniciación debe seguir o rigoroso orde de entrada de solicitudes para cumprir o establecido no artigo 16.1 da Orde do 25 de novembro de 2015 pala que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Esta orde de tramitación só pode ser modificada nos casos previstos no artigo 16.2 da mesma orde, que recolle os supostos de urxencia: a) Acceso ao emprego e ás ensinanzas reguladas onde exista reserva de prazas para persoas con discapacidade. b) Solicitudes de axudas/subvencións sometidas a prazos. c) Menores de 18 anos. d) Maiores de 90 anos. e) Pensión non contributiva ou prestación por fillo a cargo. f) Caducidade da valoración do grao de discapacidade. g) Existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo a violencia de xénero, que poida verse afectado polo recoñecemento e cualificación do grado de discapacidade.

Debido a este elevado número de solicitudes, estase producindo de xeito conxuntural unha acumulación de expedientes que esta atrasando os prazos nos que se citan as persoas usuarias e se notifican as resolucións.

En relación coa "tarxeta provisional prevista legalmente" a que fai mención o escrito da Valedora, non nos corresponde a nós a súa tramitación. A interesada deberá dirixirse ao seu Concello.

A Consellería de Política Social presentou no Consello da Xunta celebrado o 18/05/2018 un paquete de medidas co obxectivo de mellorar o procedemento da valoración da discapacidade e reducir as listas de agarda. A primeira das actuacións que está previsto levar a cabo permitirá reforzar o persoal dos equipos de valoración para garantir o seu bo funcionamento e a creación de 14 novas equipos, o que suporá un incremento dun 74% ao pasar dos 19 equipos actuais aos 33. Prevese que os novas equipos entren en funcionamento a partir do vindeiro mes de xuño.

Por outra banda e dado que case un 30% das citas de valoración son canceladas ou non realizadas, poranse en marcha medidas para mellorar a súa xestión, incluíndo actuacións relativas á confirmación e substitución de citas programadas que permitan incrementar o número de valoracións diarias realizadas. Neste sentido, parase en marcha con carácter inmediato un servizo de confirmación e recordatorio de citas a través de SMS, remitindo á persoa solicitante ou á persoa de contacto designada, para evitar a non asistencia ás citas de valoración programadas.

Así mesmo, dentro deste conxunto de medidas, recoñecerase un grao de discapacidade do 33% de xeito automático a aquelas persoas ás cales a Seguridade Social lles teña recoñecida unha pensión de incapacidade permanente en grao total, absoluta ou grande invalidez.

Tamén se levará a cabo un proceso de revisión do procedemento de valoración da discapacidade e a simplificación do modelo de solicitude, evitando a achega de documentación a que se poida ter acceso se a persoa solicitante autoriza a súa consulta.

Ademais, coa extensión do acceso e utilización da Historia Social Única Electrónica (HSUE)-plataforma que integra nun mesmo sistema todos os datos relativos á historia social do solicitante- facilitarase a coordinación de todos os axentes que interveñen no procedemento, á vez que se eliminará a necesidade de achegar documentación necesaria no proceso de valoración da discapacidade.

E, por último, daráselle prioridade na valoración da discapacidade a persoas con ELA para que a súa resolución se emita no prazo máximo dun mes desde o momento da solicitude.

No futuro considerarase a posibilidade de estender esta tramitación urxente a outras persoas con patoloxías con características semellantes”.

ANÁLISE

1. Coa información achegada confírmase o expresado na noticia; o procedemento atópase retrasado, posto que iniciouse o 20/6/17 e a consellería non anuncia unha data para a resolución.

2. A situación de atraso nas valoracións e resolucións dos expedientes de discapacidade é coñecida a través deste e doutros expedientes, e, como pode apreciarse, o problema continúa. O expediente debería atoparse resolto no prazo previsto, sen as demoras que prexudican aos afectados.

3. Estes problemas tratáronse en diferentes informes ao Parlamento de Galicia. A consellería anunciou medidas para paliar a situación, pero non deron resultados adecuados.

Dado que seguimos a comprobar amplos retrasos nas valoracións iniciamos unha actuación de oficio (Q/29057/17) na que indicamos á consellería que “desde hai tempo aprécianse numerosos e considerables atrasos nas tramitacións das valoracións de discapacidades, especialmente en algúns equipos, o que afecta ás cidades e contornas nas que prestan servizo”. A consellería respondeu indicando as novas medidas adoptadas, e que despois delas “ prevé para o ano 2018 as reducións dos prazos e os tempos de emisión da resolución do recoñecemento do grao de discapacidade”.

Agora a consellería sinala novas medidas; reforzo do persoal dos equipos de valoración e creación de 14 novos equipos, que entrarán a funcionar este mes; medios de confirmación e substitución de citas; recoñecemento do grao de discapacidade do 33% ás persoas con pensión de incapacidade permanente en grao total, absoluta ou grande invalidez (o que recomendamos dende hai tempo); simplificación da solicitude e documentación; extensión do acceso e utilización da Historia Social Única Electrónica; e prioridade na valoración das persoas con ELA (un mes) e posible extensión da tramitación urxente a persoas con patoloxías con características semellantes.

4. Neste caso non se especifica a data prevista de valoración, polo que respecto dela non pode apreciarse melloría. Tampouco se concretan actuacións en relación coa valoración rápida de persoas con enfermidade grave, como é o caso, a pesar de que a consellería sinalou que prioriza a valoración das persoas con ELA e estudaría a extensión da valoración urxente para outras persoas con patoloxías con características semellantes.

5. En canto a emisión de tarxetas provisionais sinala que non lle corresponde a súa tramitación, senón aos concellos.

A tarxeta de estacionamento provisional prevese no Real Decreto 1056/2014, disposición adicional primeira. Sinala que “atendendo a razóns humanitarias, excepcionalmente concederáse un cartón de estacionamento de carácter provisional de vehículos automóbiles ás persoas que presenten mobilidade reducida, aínda que esta non fose ditaminada oficialmente, por causa dunha enfermidade ou patoloxía de extrema gravidade que supoña fidedignamente unha redución substancial da esperanza de vida que se considera normal para a súa idade e demais condicións persoais, e que razoablemente non permita tramitar en tempo a solicitude ordinaria do cartón de estacionamento. Para a obtención do cartón de estacionamento provisional, a acreditación dos extremos enunciados no apartado anterior efectuarase mediante a emisión do correspondente certificado polo persoal médico facultativo dos servizos públicos de saúde, que deberá contar coa validación da inspección dos servizos sanitarios competentes por razón do domicilio da persoa solicitante. (...) as administracións públicas acordarán os criterios de emisión do cartón provisional”.

Ante situacións deste tipo os concellos sinalaron que non contan coa concreción da norma citada, que non lles corresponde (o Real Decreto sinala que as administracións públicas acordarán os criterios de emisión do cartón provisional). A administración competente para sinalar os detalles que se atopan pendentes é a Consellería de Política Social, que é quen resolve sobre a materia. Non se sinalan as medidas acordadas para poñer en marcha a tarxeta provisional, sen prexuízo de que despois do trámite correspondente sexan os concellos os que proporcionen a tarxeta provisional.

6. Segue sen especificarse a data prevista de valoración, a pesar de que a persoa padece unha grave enfermidade, o que debería ser motivo de tramitación urxente, ou, como mínimo, do cumprimento do prazo legal previsto de 3 meses.

7. O suposto tratado afecta a intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto da actuación de oficio, relativo á valoración e recoñecemento da situación de discapacidade da afectada, posto que se atopa atrasado, de tal maneira que non se produzan demoras prexudiciais; que tamén con urxencia habilítense as medidas anunciadas para normalizar a situación; e que compróbesse que as medidas corrixiron a situación ata facer cumprir os prazos.

Que con urxencia se incorporen as enfermidades graves ás causas de resolución urxente das solicitudes de valoración ou revisión do grao de discapacidade.

E que tamén con urxencia se clarifique o procedemento para a concesión das tarxetas provisionais de estacionamento reservado.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo